

NUM. 08/2016

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 14 DE XULLO DE 2016

En Soutomaior a 14 de xullo de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.ª M.ª Dolores Cernadas García, D.ª Cristina González Piedras, D.ª Noelia Ocampo González, D.ª Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.ª María Menduiña Durán, D.ª M.ª Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.ª Olalla Obelleiro Hermida e D.ª Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.ª Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 07/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 7/16, de data 30 de maio de 2016.

A acta é aprobada por unanimidade dos membros do Pleno.

2º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 3/2016 POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, que di:
Dáse lectura a Proposta da Alcaldía que di:

De conformidade có establecido no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e que a tramitación do expediente está axustada aos preceptos legais do TRLRFL e demais disposicións concordantes,

Propón a adopción do seguinte acordo:

1.- Considerar os gastos propostos como necesarios e urxentes, non podendo ser aprazados ata o próximo exercicio, sen grave quebranto para os intereses xerais.

2.- Aproba-lo expediente de modificación núm. 3/2016 dentro do Orzamento do Concello do ano 2016, por importe de TRESCENTAS DEZANOVE MIL CATROCENTAS SETENTA E UN EUROS (319.471,00€), con cargo o Remanente Líquido de Tesourería resultante da Liquidación do Orzamento do ano 2015, de acordo co seguinte resume por capítulos:

1.- ALTA NA PARTIDA DE GASTO

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Progr.	Econ.		
151	609 Outras inversións novas en infraestrutura e bens destinadas ao uso xeral (prox. urbaniz)	319.471,00	
TOTAL			319.471,00

2º.- FINANCIAMENTO: ALTAS NA PARTIDA DE INGREOS

En canto á financiación do expediente, a mesma se realiza con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
87000		Remanente de tesoreria para gastos xerais	319.471,00
TOTAL			319.471,00

3.- Que se expoña ó público por espazo de quince días hábiles para reclamacións, no Taboleiro de Edictos do Concello e no "Boletín Oficial" da provincia. Si durante o devandito prazo non se presentaran reclamacións, terase por definitivamente aprobado o expediente, e noutro caso darase conta ó Pleno para resolve-las reclamacións formuladas.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.

DEBATE

O Sr. Alcalde explica a Proposta. Di que esta modificación é necesaria para poder afrontar o proxecto de urbanización do Instituto. O quen axilizar para que poida ir de forma simultánea á obra do instituto. Non ten nada que ver có acceso que está comprometido coa Deputación de Pontevedra.

O Sr. Lourenzo Sobral di que van absterse porque non queren que pola súa parte haxa ningunha traba para a construción do instituto. Pero isto lles parece unha chapuza. Este xeito de proceder reflexa unha alarmante falta de responsabilidade do equipo de Goberno. Visto o informe de intervención, se preguntan qué partidas vansen ver afectadas. Respecto á retención a facer: 1º.- Hai un informe de intervención no que se di que se está elaborando un plan económico-financieiro. 2º.- Informe no que se di que xa non fai falta o plan e que é suficiente con retencións. Queren saber qué se retén. Non se pode gobernar a golpe de modificacións de crédito. Todo isto está demorando o proceso. O que ven no informe da interventora e que di ó final é que este xeito de proceder non é o adecuado.

A Sra. Montero Pérez di que vaise abster.

O Sr. Alcalde di que non hai ningunha demora, isto non interfere nos prazos do instituto. A obra está para adxudicar. Resulta difícil de entender que un



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

concello que non ten débeda e que paga todo en prazo, se atope cunha regra de gasto que ocasione estos problemas. Traen unha modificación orzamentaria que é absolutamente necesaria para levar a cabo esta obra. E algo moi habitual en todos os Concellos e eles non abusan das modificacións de créditos, fan máis ben poucas.

O Sr. Lourenzo Sobral di que o informe da interventora di que incidirá negativamente na estabilidade orzamentaria. Reitera súa pregunta: “de qué partida se vai a retirar? E pide que a mesma queda reflectido na acta.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e seis abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM) o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Proposta nos seus propios termos.

3º.- INFORME SEGUIMIENTO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2014

Dáse conta do Informe da Secretaria-Interventora Adxunta, emitido en data 25 de maio de 2016, de seguimento do plan economico financeiro aprobado polo pleno o día 29 de maio de 2014

ANTECEDENTES

1. Como consecuencia do incumprimento do obxectivo da regra de gasto na liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2013, o Pleno do Concello aprobou un Plan Económico Financeiro en sesión celebrada o día 29 de maio de 2014, e onde púxose de manifesto que o incumprimento era puntual, extraordinario e non estrutural. E remitido ao Ministerio de Economía e Facenda o 30/05/2014.

2.- Período de vixencia do Plan ata o 31/12/2015

3.- A Liquidación do Orzamento do ano 2014 cumpre a estabilidade orzamentaria (261.550,38) e a regra de gasto (24.488,04) e a Liquidación do Orzamento do ano 2015 cumpre a estabilidade orzamentaria (86.106,94) e **incumpre a regra** de gasto en 183.324,57 .

4.- A causa do incumprimento foron as dúas modificacións orzamentarias realizadas no exercicio 2015 por suplemento de crédito, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, e que destináronse á execución de diversas obras e gastos correntes.

Nº Expte modifi. crédito	Acordo Pleno	Resolución Alcaldía	Importe aprobado	Importe Executado (Anexo Resultado Orzamentario a 31/12/15)
5/15	26/03/2015		90.000,00	
14/15	13/11/2015		176.175,00	
	TOTAL		266.175,00	214.653,83

Ditos expedientes de modificación de créditos supoñen, para o



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

exercicio 2015, un incremento do gasto computable a efectos da Regra de Gasto, sen prexuízo de que o mesmo se financie co aforro derivado da liquidación do exercicio anterior, é dicir, co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

INFORME

PRIMEIRO.- En consecuencia, e en virtude do artigo 25 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira(en adiante LOEOSF) establece que:

"1. En caso de falta de presentación, de falta de aprobación o de incumplimiento del plan económico-financiero o del plan de reequilibrio, o cuando el periodo medio de pago a los proveedores de la Comunidad Autónoma supere en más de 30 días el plazo máximo de la normativa de morosidad durante dos meses consecutivos a contar desde la comunicación prevista en el artículo 20.6 la Administración Pública responsable deberá:

a) Aprobar, en el plazo de 15 días desde que se produzca el incumplimiento, la no disponibilidad de créditos y efectuar la correspondiente retención de créditos, que garantice el cumplimiento del objetivo establecido. Dicho acuerdo deberá detallar las medidas de reducción de gasto correspondientes e identificar el crédito presupuestario afectado, no pudiendo ser revocado durante el ejercicio presupuestario en el que se apruebe o hasta la adopción de medidas que garanticen el cumplimiento del objetivo establecido, ni dar lugar a un incremento del gasto registrado en cuentas auxiliares, a cuyo efecto esta información será objeto de un seguimiento específico. Asimismo, cuando resulte necesario para dar cumplimiento a los compromisos de consolidación fiscal con la Unión Europea, las competencias normativas que se atribuyan a las Comunidades Autónomas en relación con los tributos cedidos pasarán a ser ejercidas por el Estado.

b) Constituir, cuando se solicite por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, un depósito con intereses en el Banco de España equivalente al 0,2 % de su Producto Interior Bruto nominal. El depósito será cancelado en el momento en que se apliquen las medidas que garanticen el cumplimiento de los objetivos.

Si en el plazo de 3 meses desde la constitución del depósito no se hubiera presentado o aprobado el plan, o no se hubieran aplicado las medidas, el depósito no devengará intereses. Si transcurrido un nuevo plazo de 3 meses persistiera el incumplimiento podrá acordar que el depósito se convertirá en multa coercitiva.

2. De no adoptarse alguna de las medidas previstas en el apartado a) anterior o en caso de resultar éstas insuficientes el Gobierno podrá acordar el envío, bajo la dirección del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, de una comisión de expertos para valorar la situación económico-presupuestaria de la administración afectada. Esta comisión podrá solicitar, y la administración correspondiente estará obligada a facilitar, cualquier dato, información o antecedente respecto a las partidas de ingresos o gastos. La comisión deberá presentar una propuesta de medidas y sus conclusiones se harán públicas en una semana. Las medidas propuestas serán de obligado cumplimiento para la administración



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

incumplidora"

SEGUNDO.- E a continuación o artigo 26 punto 2 e 3 da LOEOSF establece que:

"2. En el supuesto de que una Corporación Local no adoptase el acuerdo de no disponibilidad de créditos o no constituyese el depósito previsto en el artículo 25.1.b) o las medidas propuestas por la comisión de expertos prevista en el artículo 25.2, el Gobierno, o en su caso la Comunidad Autónoma que tenga atribuida la tutela financiera, requerirá al Presidente de la Corporación Local para que proceda a adoptar, en el plazo indicado al efecto, la adopción de un acuerdo de no disponibilidad, la constitución del depósito obligatorio establecido en el artículo 25.1.b), o la ejecución de las medidas propuestas por la comisión de expertos. En caso de no atenderse el requerimiento, el Gobierno, o en su caso la Comunidad Autónoma que tenga atribuida la tutela financiera, adoptará las medidas necesarias para obligar a la Corporación Local al cumplimiento forzoso de las medidas contenidas en el requerimiento.

En el caso de que la Comunidad Autónoma que tenga atribuida la tutela financiera no adoptase las medidas contempladas en este apartado, el Gobierno requerirá su cumplimiento por el procedimiento contemplado en el apartado 1.

3. La persistencia en el incumplimiento de alguna de las obligaciones a que se refiere el apartado anterior, cuando suponga un incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, podrá considerarse como gestión gravemente dañosa para los intereses generales, y podrá procederse a la disolución de los órganos de la Corporación Local incumplidora, de conformidad con lo previsto en el artículo 61 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local."

TERCEIRO.- O presente informe deberá poñerse en coñecemento do Pleno e remitirse ao Ministerio de Economía e Facenda por vía telemática e con firma electrónica e a Consellería de Facenda, Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Por todo o exposto, **procede dar por rematado o Plan Económico Financeiro do ano 2014 e aprobar un novo Plan Económico Financeiro coas medidas contempladas no artigo 25 da lei orgánica 2/2012 que permitan cumprir en 2016-2017 a regra de gasto.**

O Pleno do Concello dáse por enterado.

4º.- INFORME COMPLEMENTARIO SEGUIMIENTO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2014

Dáse conta do Informe da Secretaria-Interventora Adxunta, emitido o día 25/05/2016, complementario do seguimento plan economico financeiro 2014



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ANTECEDENTES

1.- Con data 25 de maio de 2016 se elaborou informe da Secretaria-Interventora Adxunta, relativo ao "Seguimento Plan Económico Financeiro aprobado polo Pleno o día 29/05/2014", e no punto terceiro parágrafo segundo di que, **procede dar por rematado o Plan Económico Financeiro do ano 2014 e aprobar un novo Plan Económico Financeiro coas medidas contempladas no artigo 25 da lei orgánica 2/2012 que permitan cumprir en 2016-2017 a regra de gasto.**

2.- Con data 30 de xuño de 2016 faixe unha consulta ao Ministerio de Economía e Facenda relativo a si incumplido o Plan Económico-Financeiro do ano 2014 con vixencia a 31/12/2015 debe aprobarse, ou non, un novo Plan onde se adopten as medidas coercitivas.

3.- Con data 8 de xullo de 2016 o Ministerio contesta a pregunta formulada, a cal se transcribe literalmente:

"En atención a la solicitud formulada, le informo que la tutela financiera en su territorio la ejerce la CCAA por inclusión en su Estatuto de Autonomía; no obstante, al tratarse de un tema referente a PEFEL2, se le participa del criterio de este Centro Directivo.

En aplicación de lo dispuesto en el art. 21.1 de la LOEPSF, "*En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita **en el año en curso y el siguiente** el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto, con el contenido y alcance previstos en este artículo*".

De acuerdo con el artículo mencionado, **los Planes Económico Financieros tienen una duración bianual**, no pudiendo ser considerados como tales documentos que prevean una duración distinta.

Si se constata incumplimiento del PEF aprobado al liquidar con incumplimiento de sus previsiones en el ejercicio "n" (2015), **no debe aprobarse un nuevo PEF** (art. 25 LOEPSF), **sino adoptar medidas adicionales** que conlleven la recuperación de la estabilidad y el cumplimiento de la regla del gasto al término del ejercicio de referencia. La entidad que se encuentre en esta situación deberá adoptar los oportunos acuerdos de no disponibilidad de créditos que garanticen el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y regla de gasto al cierre del ejercicio 2016, acreditando estos acuerdos ante su OOTT en aplicación de los artículos 25 y siguientes de la LOEPSF.

El importe de los ANDs deberá coincidir con el del incumplimiento de la regla del gasto, actualizado con la Tasa de referencia correspondiente al ejercicio 2016. No es posible secuenciar en el tiempo dicho ajuste.

Adicionalmente a lo anterior, en caso de que liquide el ejercicio 2016 con incumplimiento de alguna o ambas de las reglas fiscales deberán aprobar un nuevo PEF 2016/2017 que incluya los referidos acuerdos de no disponibilidad, y garantice el retorno a la senda de estabilidad y crecimiento durante toda su vigencia.

En caso de que de sus previsiones se pueda inferir que no será necesario la adopción de acuerdos de no disponibilidad de créditos por estimar cumplimiento de las reglas fiscales a cierre, deberá tomar un acuerdo en dicho sentido en su Pleno y remitirlo a su OOTT para conocimiento y efectos oportunos.

Del presente se envía copia a su órgano de tutela financiera".

INFORME

En consecuencia, mantense todo o contido do informe de data 25 de maio de 2016 salvo o punto terceiro parágrafo segundo no que en virtude da contestación do MEH non debe aprobarse un novo Plan Económico Financeiro coas medidas contempladas no artigo 25 da lei orgánica 2/2012, se non que **PROCEDE** adoptar, polo Pleno, ditas medidas que permitan cumprir a estabilidade e o cumprimento da regra de gasto ao fin do exercicio 2016.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e un minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.